

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN
(1951-2002)

O 22 de novembro do 2002 faleceu en Nova York (USA), vítima dun accidente de tráfico, Xoán González-Millán, quizais o investigador que máis radicalmente anovou os estudos literarios galegos no postfranquismo, uns estudos moi ancorados durante décadas nuns modelos historicistas que nin siquera o pulo estruturalista e as contribucións feitas nos anos 80 dende eidos como a narratoloxía conseguiran actualizar en plenitude.

Nado en 1951 na vila pontevedresa de O Grove, no seo dunha familia modesta, Xoán completaría un brillantísimo curriculum escolar, refrendado por diversas bolsas e premios. Licenciado en filosofía pola Universidade de Comillas (Madrid) en 1976, nese mesmo ano se trasladou a New York, onde se desenvolvería dende entón o seu percorrido profesional, primeiro como documentalista da Dag Hammarskjöld Library das Nacións Unidas e logo, tras doutorarse en literaturas hispánicas na City University (CUNY), como profesor da mesma institución no Departament of Romance Languages (do que anos máis tarde sería director) no Hunter College, ata chegar a converterse en catedrático de literaturas hispánicas.

A súa tese de doutoramento, titulada «Proceso textual y desintegración narrativa en la novelística de Álvaro Cunqueiro», daría pé a numerosas publicacións sobre este autor, co gallo de que este protagonizase o Día das Letras Galegas —a efeméride literaria de Galicia por antonomasia— en 1991. Obras como *Álvaro Cunqueiro: os artificios da fabulación* (1991) ou *Álvaro Cunqueiro e «Merlín e familia»* (1991) non só deron a coñecer entre nós un investigador orixinalísimo senón que rescataron a obra do creador mindoniense do paradigma do marabilloso, no que se adoitaba encadrar, para revelar todo o potencial subversivo que agochaban as súas estratexias paródicas e intertextuais e as súas escasamente convencionais estruturas narrativas. Foi daquela cando Galicia descubriu Xoán, o home e a obra. Coñecino en Mondoñedo, no Congreso adicado a Cunqueiro, nun intre no que ambos atravesabamos situacións fronterizas nas nosas vidas, e dende entón procurei que os meus camiños intelectuais e vitais non se afastaran moito dos seus.

Achegounos tamén o noso común interese pola narrativa en tanto discurso social: desa etapa son froito os seus libros *Silencio, parodia e subversión: cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea* (1991), *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994) e *A narrativa galega actual (1975-1984): unha historia social* (1996). Se no primeiro analiza un grupo de novelas que se erixen como espazos de confrontación simbólica e que asumen as tarefas transicionais de representar o pasado e inventar un futuro, nos outros dous Xoán servíriase do enfoque sistémico para a análise da literatura, converténdose no introductor nos eidos dos

estudios literarios galegos das teorías sociolóxicas de Pierre Bourdieu e dos principios de análise cultural formulados pola Escola de Tel-Aviv, nomeadamente por Itamar Even-Zohar, con quen —malia a distancia— establecería unha relación de cómplice amizade; a metodoloxía que Xoán propuña neses traballos seguiría dando froitos aínda no 2000, concretamente no artigo «Producción, clasificación e comercialización da literatura: os catálogos de Edicións Xerais de Galicia (1980-1995)» (*Anuario de estudos literarios galegos*, 2000). Por outra banda, no primeiro dos libros citados Xoán abordaría tamén a disxuntiva da necesidade (ou non) de elaborar un paradigma crítico centrado nos signos étnicos dentro dun determinado sistema literario, asunto que o preocuparía por algún tempo e que xa debullara tamén no 2º Congreso de Estudos Galegos celebrado na universidade americana de Brown en 1988.

A condición periférica —o seu carácter inmanente ou atribuído— da literatura galega sería analizada por el en textos como «A configuración historiográfica dunha literatura marxinal», presentado no *Congreso Internacional sobre a Cultura Galega* (1990) ou «A cuestión dos xéneros na periferia literaria. Ámbitos de investigación», publicado no nº 23 (1995) de *A trabe de ouro*, a revista que el prefería para difundir aqueles seus traballos que concibía como hipóteses provisórias, precisadas da confrontación cun público interesado para a súa discusión e matización.

A partir de aí, os intereses de Xoán irían evoluíndo cara á dialéctica entre o fenómeno nacionalista e a proxección institucional da literatura, así como cara á ubicación desta no espacio público galego, cuestións ambas abordadas tanto dende un punto de vista estritamente teórico como dende unha óptica cronolóxica aplicada ó caso galego en traballos como «¿Etnia ou nación? Algúns desafíos na articulación conceptual do fenómeno nacionalitario» (*A trabe de ouro* 32, 1997), «O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século xx: un marco de reflexión» (no libro colectivo *Tentativas sobre Dieste*, coordinado por Arturo Casas en 1995) ou «Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega» no *Anuario de estudos literarios galegos*, 1994, revista que el dirixía. Nado do seu empeño personal en 1992, o proxecto de editar anualmente unha revista de alto nivel científico, que realizase un percorrido panorámico pola produción literaria nas diferentes modalidades xenéricas e que lle dese saída ós traballos de investigación máis sobranceiros, converteuse de soño en realidade grazas á excepcional acollida que á idea lle brindou Carlos Casares na Editorial Galaxia, da que era director. En Carlos atoparía Xoán non só un editor senón un amigo, co que se irmandaría traxicamente nese fatídico 2002 no que ambos nos abandonaron. Todos os que o acompañamos no proxecto do *Anuario* ó longo de case unha década somos conscientes de que el era a alma da revista, e de que se non se prodigou máis nas súas páxinas foi polo talante democrático e a prudencia natural que o caracterizaban.

Sen chegar a constituír unha escola, arredor da figura e da obra de Xoán foi medrando un reducido grupo de investigadores que non dubidamos en recoñecer a nosa filiación intelectual para con el. Pero, ademais, a fortuna deparoulle un cómplice excepcional, un interlocutor á súa medida na persoa de Antón Figueroa, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. Ambos irían estreitando os vencellos da amizade mentres profundizaban nas comúns preocupacións: a cuestión da diferenza identitaria como resultado dun determinado proceso histórico e a concepción da cultura como un espacio de resistencia ó poder; esta liña de traballo constitúe o cerne de *Resistencia cultural e diferenza histórica* (2000), un densísimo traballo no que Xoán dialoga con Gramsci, Calhoun e Habermas —entre moitos outros— para suxerir camiños que leven á construción dun espacio social galego que se presente como alternativa resistente á uniformidade globalizadora. Con Figueroa publicaría Xoán, en 1997, *Communication littéraire et culture en Galice*, un libro fundamental, no que ambos concretan e matizan

contributos previos e que daría a coñecer en Francia as súas achegas á socioloxía da cultura galega.

Mais a polifacencia de Xoán —melómano, amante da pesca...— deixaría pegada tamén na súa obra. Ubicado academicamente no ámbito do hispanismo e da romanística, Xoán aproveitaría para, dende esa posición, interrogarse acerca da ambigua condición do escritor bilingüe, da complexa identidade de quen se sitúa —voluntaria ou involuntariamente— nos sempre esvaradíños territorios das fronteiras. De aí o seu interese por Cunqueiro, mais tamén por Valle-Inclán ou Joyce, que callaría en artigos como «Castelao e as contradicións dunha lectura galeguista de Valle-Inclán» (lido na *IV International Conference on Galician Studies* celebrada na Universidade de Oxford en 1994) ou «James Joyce e a Xeración Nós» (*Grial* 110, 1991). A súa curiosidade natural, a súa ímproba capacidade de traballo, e un entusiasmo que nunca o abandonaría leváranos nos últimos tempos a mudar un tanto o rumbo das súas investigacións para analizar o protagonismo histórico das antoloxías no proceso de configuración da literatura galega, de aí tamén o seu recente interese polos dicionarios de autoridades, produto no que converxe a dimensión antolóxica e a función institucionalizadora, sorprendéndonos a todos con traballos como «O século XIX no *Diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez*» (*Cadernos de lingua* 21, 2000), «Os Dicionarios de autoridades, a antoloxización lexicográfica da literatura galega» (*Madrygal* 4, 2001) ou o libro *O «Diccionario enciclopédico» de Eladio Rodríguez: a canonización lexicográfica da literatura galega* (2001).

Xoán foi pouco amigo de ocupar cargos honoríficos ou postos de xestión e, cando o fixo por senso da responsabilidade, lamentaba decote o tempo e a concentración que as obrigas deles derivadas lle roubaban para a investigación, a súa máis arraizada vocación. Sen embargo, o seu compromiso con Galicia —que, no institucional, el entendía como a obriga moral de dar a coñecer a súa cultura nos ámbitos científicos e académicos— levouno a participar na fundación, en 1988, da Asociación Internacional de Estudos Galegos, da que foi presidente entre 1991 e 1994, etapa na que a actividade da *Anuario de estudos literarios galegos* coñecería unha notable expansión. Foi tamén o responsable da Cátedra de Estudos Galegos do Graduate Center da City University of New York (CUNY), a primeira dos Estados Unidos, que cada ano ocuparía un profesor galego para impartir dende ela cursos de doutoramento. Só os que o coñecemos sabemos a seriedade con que Xoán asumiu esta responsabilidade, a miúdo con custos pessoais para el e a súa familia, e os froitos que na Cátedra se ían, ano a ano, colleitando para os estudos galegos.

Xuíz dunha sinceridade implacable cos que lle resultabamos próximos, refugou sempre a ostentación obscena da propia sabiduría na que a miúdo se converte a crítica. Xa que logo, Xoán non se prodigaría como recensionador, pero nesa faceta resultou extraordinariamente útil ó descubrir no ámbito galego libros que podían resultar axeitados como ferramentas de análise sociocultural, tal *Literary into Cultural Studies* de Anthony Easthope (comentado en *A trabe de ouro* en 1992), *Dialogism. Bakhtin and his World* de Michael Holquist e *Nation and Narration* de Homi Bhabha, obras recensionadas en *Grial* en 1990.

Xunto con Xoán faleceu Esperanza Caneda, a súa compañeira dende a mocidade, que tantas tertulias amicais alentou co seu sorriso. Ambos os dous deixan os nosos corazóns confortados coa lembranza da súa cálida personalidade, mais desolados por unha morte prematura e imprevista, que veu toller un futuro no que a amizade seguiría a medrar e a obra intelectual de Xoán continuaría a servir de facho a esta Galicia tan precisada sempre de alumearse coa luz da razón e de arrequeñarse coa enerxía do xeneroso entusiasmo que del emanaba.

Dolores VILAVEDRA
Universidade de Santiago de Compostela